

CEIP RAMÓN DE LA SAGRA

*“PROGRAMA DE ACOLLIDA”*  
CURSO 2020/2021

9-9-2020



# ÍNDICE

1. Introducción e xustificación.....	3
2. Novas normas de organización e funcionamento.....	4
3. Actuacións de prevención, hixiene e protección.....	10
4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital.....	13
5. Atención aos aspectos emocionais e sociais.....	14

## **1. INTRODUCCIÓN e XUSTIFICACIÓN.**

Seguindo as Instrucións do 31 de Agosto 2020, no CEIP Ramón de la Sagra elaborouse un **Programa de Acollida** coa finalidade de informar ás familias, alumnado e todo o persoal que forma parte da comunidade educativa, facilitar a súa adaptación ás circunstancias excepcionais ocasionadas pola COVID-19 e cumprir coas recomendacións das autoridades.

Realizouse por parte do centro un documento onde se recollen os aspectos máis importantes en relación a organización e funcionamento, así como as principais medidas de prevención, hixiene e protección porque as circunstancias impiden facelo de xeito habitual.

As medidas tamén afectan á competencia dixital do alumnado, así como ao seu desenvolvemento social e emocional. Deste xeito, proporanse unha serie de pautas e actividades para o seu desenvolvemento.

Este Plan de Acollida complementa ao “Plan de Adaptación á situación COVID” onde aparecen recollidos todos os aspectos relacionados co funcionamento do centro. Tamén se elaborou un “Plan de Continxencia” no que se establecen as medidas a tomar no caso da aparición dun gromo.

## **2. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.**

As modificacións e medidas máis salientables neste ámbito son as que seguen a continuación:

### **2.1. EQUIPO COVID.**

O centro dispón dun equipo Covid que estará en permanente contacto co Equipo Directivo, determinará, organizará e de ser o caso modificará o Plan de Adaptación do centro. Este equipo é o encargado de levar a cabo todas as accións relativas a este tema e de ser preciso a comunicación ca Administración e autoridades.

### **2.2. HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA.**

O obxectivo principal da reorganización das entradas e saídas ao centro educativo e evitar as aglomeracións e diminuír o tempo de espera. Os accesos ao centro realizaranse de maneira gradual.

A organización será a seguinte:

⇒ **ENTRADAS:**

• **Educación Primaria:**

- Portal principal de acceso ao centro:
  - 1º Educación Primaria: 9:15h
- Portal de acceso ao patio de educación infantil:
  - 2º Educación Primaria: 9:10h
  - 3º Educación Primaria: 9:05h
- Portalón de acceso ao patio exterior (lado esquerdo):
  - 4º Educación Primaria: 9:00h
  - 5º Educación Primaria: 8:55h
  - 6º Educación Primaria: 8:50h

- **Educación Infantil:**

- Portalón de acceso ao patio exterior (lado dereito):
  - 4º Educación Infantil: 9:30h
  - 5º Educación Infantil: 9:05h
  - 6º Educación Infantil: 9:15h

⇒ **SAÍDAS:**

- **Educación Primaria:**

- Portal principal de acceso ao centro:
  - 1º Educación Primaria: 13:50h
- Portal de acceso ao patio de educación infantil:
  - 2º Educación Primaria: 13:55h
  - 3º Educación Primaria: 14:00h
- Portalón de acceso ao patio exterior:
  - 4º Educación Primaria: 14:00h
  - 5º Educación Primaria: 14:00h
  - 6º Educación Primaria: 14:00h

As saídas de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria comezarán as 14:00h e realizaranse gradualmente. Comezando polas aulas de 4º A e 4º B, seguindo por 5º A e 5º B e finalizando por 6ºA e 6º B.

- **Educación Infantil:**

- Portalón de acceso ao patio exterior:
  - 4º Educación Infantil: 13:30h
  - 5º Educación Infantil: 13:40h
  - 6º Educación Infantil: 13:50h

O **portalón** de acceso pola **Ronda Camilo José Cela** será de **uso exclusivo para o alumnado transportado**.

Haberá indicacións en cada porta nos primeiros días do curso o mesmo que sinais para indicar o camiño que se debe seguir. **Pregamos a toda a comunidade educativa que sexan respectuosos con todas as indicacións do centro.**

O alumnado de **Educación Infantil** poderá **acceder ao centro acompañado** por un adulto ata a porta de acceso ao centro, pero non acceder ás dependencias. Igualmente este poderá acceder para a súa recollida. Unha vez que o alumno/a é entregado ás mestras/es ou recollido deberase abandonar o centro na maior brevidade posible, para evitar aglomeracións. En ningún momento pode haber alumnado ou familias no patio do centro.

Asemade nestes momentos seguiranse as indicacións do persoal do centro, así coma respectaranse sempre as recomendacións das autoridades sanitarias en materia de acceso a calquera espazo público: **USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MANTEMENTO DA DISTANCIA DE SEGURIDADE.**

O alumnado de **Educación Primaria NON pode acceder** ao centro acompañado. Serán os titores/as ou mestre especialista que incida no grupo os que recollan ao alumnado na porta de acceso, agás 4º, 5º e 6º de Educación Primaria que accederán ao centro seguindo sempre as indicacións dos mestres de garda.

No caso de **familias con alumnado de etapas distintas que coincidan en horario** de entrada entregarán primeiro ao alumnado de primaria e logo ao alumnado de infantil. Poderase acceder ata as 9:20h.

No **caso de familias con alumnado de dous cursos distintos de infantil**, entrarán os dous na última quenda.

**De non poder chegar na quenda establecida** será preciso incorporarse ao final da ringleira na porta de acceso que corresponda a cada curso. De atopar dita porta pechada empregarase a principal, debendo esperar a que acceda o curso asignado nesa entrada. (1º Educación Primaria).

No **caso de precisar entrar ou saír do centro ao longo da mañá** (como citas médicas ou motivos persoais) e, salvo emerxencia, permitiranse ás mesmas ata as **11:00**, co fin de evitar contactos ao iniciarse os tempos de recreo.

### ⇒ **FLEXIBILIZACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL**

A partir do **luns 14 de setembro** o alumnado de **5º e 6º de Educación Infantil** terá a entrada flexible, poderán elixir entre dúas horas de entrada:

5º Educación Infantil: ás **9:05h** ou ás **10:25h**.

6º Educación Infantil: ás **9:15h** ou ás **10:30h**

Esta flexibilización prolongarase todo mes de setembro. A partir do 1 de outubro as entradas serán á hora estipulada para estes cursos.

### **2.3. RECREOS E MERENDAS:**

En **Educación Primaria** as merendas realizaranse, sempre que sexa posible, no **patio exterior**. É importante que a merenda sexa algo sinxelo para evitar a manipulación de recipientes. Os/as mestres tutores/as explicaran o máis detalladamente nas reunións de principio de curso.

En **Educación Infantil** as merendas realizaranse como se fixeron ata agora, extremando as medidas de hixiene.

Os **recreos** serán en varias quendas, tanto en educación infantil (dúas quendas) como primaria (tres quendas), e en zonas delimitadas para manter os grupos estables de convivencia. Non se poderá usar material compartido nin o alumnado poderá traer xogos da casa.

No Plan de Adaptación estarán especificadas as diferentes quendas e espazos de recreo.

### **2.4. GARDAS:**

- **ENTRADAS:**

1 mestre/a de garda en cada corredor e un mestre/a no portalón de acceso ao patio exterior.

2 mestres/as no patio cuberto co alumnado transportado.

- **RECREO:**

Educación Primaria: 1 mestre/a por cada grupo aula en cada quenda de recreo.

Educación infantil: 1 mestra/e por grupo aula + profesorado dispoñible.

- **SAÍDAS:**

2 mestre/a en cada corredor co alumnado transportado e un mestre no portalón de acceso ao patio exterior.

*Tanto as entradas como as saídas serán coordinadas polas persoas do equipo Covid.*

## **2.5. ALUMNADO TRANSPORTADO.**

Seguindo o protocolo da Consellería o aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Será obrigatorio o uso se máscara no alumnado e asignaranse asentos fixos para unha maior trazabilidade de contactos.

O alumnado transportado será recollido polos mestres/as de garda e dirixido ao espazo habilitado (patio cuberto) ata que poida ser distribuído nas aulas. O alumnado de infantil será entregado ás mestras/es correspondentes ao chegar ao centro.

A saída o alumnado esperará no corredor correspondente a súa aula (terán sitios fixos e delimitados) cas/cos mestres de garda. Baixarán por grupos (un grupo cada liña de autobús) seguindo as indicacións dos mestres/as.

O **portalón** de acceso pola **Ronda Camilo José Cela** será de **uso exclusivo para o alumnado transportado**.

## **2.6. TITORÍAS.**

Serán **preferentemente telemáticas** a través das canles facilitadas pola Consellería.

Posibilidade de realizalas de xeito **presencial**, en algún **caso puntual** e se a situación sanitaria o permite. Serán sempre con **cita previa** e mantendo as medidas de seguridade establecidas polas autoridades

## **2.7. USOS ASEOS.**

O seu uso queda limitado a un terzo do aforo.

En **Educación Primaria** estará regulado por un semáforo que facilitará o seu uso por parte do alumnado.

En **Educación Infantil** regularase o acceso aos baños en diferentes quendas. Sen prexuízo que o alumnado poida utilizalo se fose preciso fora da súa quenda.

A hixiene de mans levarase a cabo nos seguintes momentos: na entrada, antes e despois da merenda, á volta do recreo e antes de abandonar a aula.



Facilitaremos unha zona específica no centro para o **cambio do alumnado** de Educación Infantil. Será un familiar o que teña que facerse responsable mentres que a situación sanitaria non varíe.

O **alumnado con NEE** terá un aseo específico en cada andar.

## **2.8. CIRCULACIÓN POLO CENTRO**

Respectar sempre o sentido da marcha e atendendo aos sinais establecidos en cada momento.

No Plan de Adaptación figuran os planos do centro e a circulación polo mesmo de maneira máis específica.

## **2.9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E SAÍDAS DIDÁCTICAS.**

A organización será utilizando grupos estables de convivencia, polo que estas actividades non se levarán a cabo durante este curso escolar, salvo que a situación sanitaria varíe.

Quedarán restrinxidos ao grupo aula.

## **2.10. REUNIÓN CAS FAMILIAS INICIO CURSO.**

Celebraranse as reunións informativas coas familias durante o mes de setembro, sempre e cando a situación sanitaria o permita e respectando as medidas hixiénicas e de seguridade establecidas polas autoridades.

As familias serán informadas a través da páxina web do centro, abalar móbil ou telefonicamente de cando serán realizadas.

## **2.11. PERIODO DE ADAPTACIÓN 4º EDUCACIÓN INFANTIL**

O período de adaptación do alumnado de 4º de educación infantil estenderase durante todo o mes de setembro.

As titoras informarán ás familias da estruturación deste período na reunión informativa de inicio de curso.

## **2.12. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS POR PARTE DO EQUIPO DIRECTIVO**

O equipo directivo tan só atenderá ás familias con cita previa e en casos excepcionais mentres dure esta situación. Utilizaranse medios de comunicación alternativos.

Para solicitar cita previa, chamar ao teléfono do centro.

## **3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN**

### **PREVENCIÓN**

Os centros educativos non son alleos á situación que estamos a vivir, polo tanto establecemos unhas medidas xerais de prevención que serán as seguintes:

- Todos os grupos de educación infantil e primaria serán considerados Grupos Estables de convivencia. Sen embargo estipularemos as maiores medidas de seguridade que se poida dentro da aula.
- Evitarase calquera tipo de aglomeración: nas entradas e saídas do alumnado, nos recreos, na circulación e estancias do centro e nos aseos.
- Distanciamento social, tanto nas aulas ordinarias, onde se distribuirán de xeito que exista a maior separación entre o alumnado, como evitar situacións de contacto físico.
- Realizarase **diariamente unha enquisa** antes de acudir ao centro, tanto persoal docente e non docente como o alumnado. Nos anexos do Plan de Actuación figura esta autoavaliación que ten por finalidade comprobar que non se asiste ao centro con sintomatoloxía compatible coa Covid. As familias terán que asinar unha declaración responsable que será facilitada dende o centro educativo.
- Tanto as familias como o profesorado non asistirán ao centro se presentan sintomatoloxía compatible coa Covid-19.
- Utilización de máscara obrigatoria en Educación Primaria e altamente recomendable en Educación Infantil.
- Durante os primeiros días priorizarase o traballo dunha serie de rutinas hixiénicas para a súa adquisición por parte do alumnado, así como as novas normas de organización e funcionamento do centro. Destacando:

- ⇒ O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sacala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida.
- ⇒ Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- ⇒ Ao tusir e esburrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa.
- ⇒ Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída do centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.
- ⇒ A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- ⇒ A importancia da ventilación nos diferentes espazos.
- ⇒ A entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas a realización da hixiene de mans.
- ⇒ Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañado do lavado, momentos previos ás actividades...)
- ⇒ Utilización de máscara obrigatoria e o emprego axeitado das mesmas: como poñelas, sacalas, onde gardalas...
- ⇒ Ensaio de entradas, saídas, recreos, circulacións polo centro...

## **HIXIENE**

En canto as medidas hixiénicas destacamos as seguintes, tanto a nivel individual como xeral no centro.

- ⇒ Intensificar a limpeza.
- ⇒ Limpeza e desinfección de aseos tres veces ao longo da mañá.
- ⇒ Limpeza de aulas e espazos común pola tarde.

- ⇒ Ventilación das aulas na medida do posible. 15 minutos antes do comezo da xornada, durante os recreos e ao finalizar a xornada e sempre que sexa posible entre clases.
- ⇒ Desinfección de elementos de uso común por parte do alumnado e mestres.
- ⇒ Desinfección de mans: dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón nos baños.
- ⇒ Reforzar os hábitos adecuados en situación como tusir ou esbirrar no cóbado, evitar tocar a cara ou ollos e levar obxectos á boca.
- ⇒ Facilitarase o acceso aos elementos necesarios para unha correcta hixiene e desinfección por parte da comunidade educativa: xel hidroalcohólico, desinfectantes e panos desbotables en todas as aulas e espazos comúns.

## **PROTECCIÓN**

Utilizaranse os seguintes sistemas de protección:

⇒ **Uso de máscara:**

- Uso obrigatorio para o persoal docente e non docente.
- Uso obrigatorio para o alumnado de Educación Primaria.
- Altamente recomendable para o alumnado de Educación Infantil.

⇒ **Pantallas:**

- Para realizar aquelas actividades nas que o emprego de máscara sexa incompatible.

⇒ **Mamparas:**

- No despacho de Orientación e as aulas de PT e AL, para a realización de actividades que o requiran.
- Nos despachos de dirección, secretaría e xefatura para realizar trámites coas familias se fose necesario.

## **4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL**

Durante o mes de setembro realizaranse as accións pertinentes para mellorar a competencia dixital, tanto no alumnado como no profesorado se fose preciso, para deste xeito garantir o maior grao de autonomía e poder continuar cunha aprendizaxe a distancia ou semipresencial coas maiores garantías posibles.

As principais accións formativas serán:

### ⇒ **Aula virtual (de 3º a 6º de EP)**

- Inscripción na aula virtual
- Acceso aos diferentes cursos e áreas nos que estean matriculados.
- Funcionamento e manexo da aula virtual

### ⇒ **Abalar**

- Utilización por parte das familias e profesorado para comunicacións, ben sexan consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías, salas de mensaxería...

### ⇒ **Correo electrónico:**

- Durante o mes de marzo cada mestre puxo en funcionamento un correo electrónico para unha comunicación máis directa entre o profesorado, alumnado e familias para as entregas das diferentes tarefas solicitadas. Manterase o funcionamento destes correos, aínda que primará a utilización da aula virtual para o alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor/a coa colaboración dos mestres/as especialistas.

O equipo TIC será o encargado de realizar e convocar as reunións oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, como ensinar ao alumnado a inscribirse nos cursos, e da formación dispoñible.

No suposto de ensino non presencial, o centro garantirá unha axeitada atención a todo o alumnado.

## **5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS.**

Atopámonos un momento no que a socialización deberá realizarse dun xeito diferente ao que estamos acostumbrados. Priorizaranse nun primeiro momento aqueles aspectos emocionais e sociais do alumnado realizando actividades que se axusten a esta nova realidade.

Será o Departamento de Orientación, en coordinación coa CCP e Equipo Directivo, o encargado de coordinar e deseñar as actividades a realizar neste inicio de curso. Será o profesorado titor/a o encargado da súa posta en marcha, con axuda dos mestres especialistas.